



ROGO SOBRE A ROZA NAS MARXES DE VARIAS RÚAS DA ZONA DE CONXO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal do Partido Popular vese na obriga de demandar unha vez máis ao Goberno local unha maior atención nos labores de limpeza nos bordes das beirarrúas para evitar os inconvenientes para o tránsito de persoas, a proliferación de maleza e a pésima imaxe que se proxecta ao longo da cidade.

Nesta ocasión as queixas, recibidas pola veciñanza, refírense ao perímetro entre a Avenida de Ferrol e a rúa Doutor Maceira, onde se sitúa o Instituto de Ensino Medio Eduardo Pondal; a rúa Benéfica de Conxo e as rúas da Choupana e Volta do Castro. En todos estes lugares, as silvas, herbas e arbustos diversos invaden as beirarrúas, entorpecen a visibilidade de sinais de tráfico e informativas e dificultan o normal discorrer das persoas, tal e como se pode apreciar nunha pequena mostra de imaxes que se acompañan como anexo.

Como casos máis salientables podemos citar o gran cartel vertical que en Volta do Castro dá a benvida á “Cidade Patrimonio da Humanidade” e algúns sinais de tráfico que se encontran ameazados pola maleza e varios lugares das citadas rúas onde entre a mesta vexetación medran numerosos exemplares de Herba da Pampa (“cortaderia selloana”), que como é sabido é unha especie foránea e invasora, considerada unha das especies exóticas máis prexudiciais das existentes en España. Por este motivo, distintas administracións, entre elas a Xunta de Galicia, están a levar a cabo medidas para o seu control e erradicación.

Por mor disto, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se ordene unha rápida actuación que mellore as condicións nos citados puntos do ámbito de Conxo e que se intensifiquen os traballos tamén noutras zonas da cidade para atallar o estado de abandono que se percibe en moitos barrios e lugares.

Santiago de Compostela, a 12 de setembro de 2017

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRAFICO

